

VIVA O TEATRO! VIVAN AS POLAFÍAS!



Viva o teatro! Esa foi a proclama lanzada en Mondoñedo o 2 de abril. Pronunciouna a poeta local Margarita Bermúdez, obtendo o asenso do nutrido auditorio da Casa da Xuventude, onde as xeracións se mesturaron para coñecer unha figura mindoniense perdida na fraga do tempo e a alienación sociohistórica, Manuela Rey.

E é que, desde agora, cando queiramos falar da dramaturxia ibérica no século XIX, deberemos citar Mondoñedo sen escusa.

Mais non é o noso obxectivo reflectir aquí a información que se nos transmitiu no evento *Manuela Rey, a memoria dun mito*, xa que esa función desenvolveráa perfectamente a Asociación de Escritores en Lingua Galega no seu espazo dixital www.aelg.org, onde estará ao dispor de calquera a gravación da polafía mindoniense.

Que é unha polafía? Un acto inspirado nos antigos encontros populares do mundo rural, onde a tradición oral se enseñoraba nas linguas que nos legaron a memoria e asemade na lingua de noso.

Porque a lingua de noso foi vindicada e desagraviada reiteradamente durante o evento, nomeadamente polo dramaturgo Manuel Lourenzo, quen non desaproveitou a ocasión así mesmo, para ilustrarnos sobre as orixes do teatro galego.

Mais non só se fixo referencia á arte dramática de xeito teórico, tamén tivo lugar a representación dunha peciña grazas á polifacética parella formada por Francisco Piñeiro e Paz Rodríguez Silva, responsábel de que o teatro amador na Mariña constituía unha potencia cultural.

Acougo de ánimas –título da devandita peza- dramatizou un suposto episodio da existencia de Manuela Rey, pois que na vida desta actriz mindoniense -falecida en Lisboa con 23 anos e sendo xa un símbolo do teatro portugués- o mito alimenta unha historia que non acaba de ensamblar vieiros cara á fixación biográfica. Estivo algunha vez agochado Pedro V de Portugal nos eidos mindonienses? Aí temos a lenda –ou a realidade!-, velaquí a grandeza da tradición oral.

E xunto aos participantes xa mencionados, foron aparecendo Chus Amieiro, Andrés García Doural, Isidro Novo, Alberte Núñez, Fran Bouso, Lino Rico, Nara Carballal ou Xulia Nogueira; achegando, segundo as súas habelencias e coñecementos: historia, música, poesía, canto, e en definitiva Cultura; nun serán no que o ceo fixo avanzar a auga dos séculos -e dunha primavera aínda desprecitada- polas rúas de Leiras, de Díaz Castro, de Noriega, de Iglesia Alvariño, de Díaz Jácome, de Cunqueiro... Non é de estrañar que agora a AELG e hai ano e medio o Centro PEN Galicia, teñan escollido a moi nobre e leal cidade para as súas cerimoniais, pois que Mondoñedo ten achegado –e achega!- á

literatura tanto coma calquera das urbes principais.

No caso que nos ocupa, a Asociación de Escritores en Lingua Galega contou co apoio do colectivo local Mondoñedo é..., cuxo nexo mindoniense represéntao Antonio Reigosa –cronista oficial da cidade-, quen ademais exerceu como mantedor do evento.

Non hai mellor lema nin estandarte máis honesto: Viva o teatro! Vivan as polafías!